Construcciones auxiliares: Se autoriza una construcción auxiliar por parcela, computando edificabilidad y ocupación. Siempre en una solo planta, con una altura máxima de 3 metros, en el caso de superar los 15 m, solo se autorizaran si existe la edificación principal.

Cuerpos volados cerrados: Se autorizan vuelos sobre las fachadas con una dimensión máxima de 0,9 m. debiendo ser acristaladas en un 50% de su superficie.

Cornisas y aleros: La dimensión máxima del saliente de cornisas y aleros será de 0,4 metros.

Balcones y terrazas: En los cuerpos volados no se autorizará a sobresalir sobre el vuelo permitido con balcones y terrazas. En el resto de los casos su dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubiertas: Igual que ordenanza 6.1.

2.5. Condiciones ambientales y estéticas

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

Cerramientos exteriores y materiales: La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se prohíbe el empleo de más de dos materiales en fachada, adoptando soluciones tipológicas propias del entorno. Se prohíben los muros de bloques sin revestir y pintar.

En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

Composición de fachadas y huecos: Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

Integración en el medio natural: La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.

Conservación de las masas arbóreas: Las edificaciones de la parcela tipo c, deberán conservar las masas arbóreas, permitiéndose talar únicamente el espacio necesario para las edificaciones de nueva planta.

12.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E DEVOLUCIÓN DE FIANZA (LICENZA DE OBRA Nº 19/16 (XUNTA DE GOBERNO LOCAL 10/03/2016). LUGAR: RÚA DA CARREIRIÑA, Nº 11, CARREIRA (RIBEIRA). PROMOTOR: BENJAMÍN MORAÑA CABO

VISTA a solicitude de **licencia de primeira ocupación** presentada por **D.Benjamín Moraña Cabo**, según escrito rexistrado de entrada na data 1 de febreiro de 2016, (Rexistro de entrada nº 919), en relación coa licenza de obras para construción de **vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta**, sita na Rúa da Carreiriña nº 11, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 9299905MH9099N0001FM, achegándose Proxecto Básico e de



Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 1 de outubro de 2015 redactado por D. Miguel Martínez Castro.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes técnicos favorables** emitido pola **enxeñeira municipal** Uxía Landeira Pereira tras xirar a pertinente visita de comprobación en relación a licenza de primeira ocupación así como en relación á devolución do aval depositado os **días 30 de novembro de 2021 e 3 de febreiro de 2022**, o informe emitido con data **3 de febreiro de 2022** polo **técnico de administración xeral adscrito ó departamento municipal de Urbanismo** e o informe de data **7 de febreiro de 2022** emitido polo **secretario xeral da Corporación**.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Benjamín Moraña Cabo LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN para vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, sita na Rúa da Carreiriña nº 11, Carreira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 9299905MH9099N0001FM construída ao amparo da **licenza nº 19/16** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 10 de marzo de 2016, nos termos da **Certificación Final de Obra** visado polo polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 25 de agosto de 2020 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo Arquitecto D. Miguel Martínez Castro e polo Arquitecto Técnico D.Óscar Manuel González Tubío, **Acta de Recepción de Edificio Terminado, Xustificante da declaración catastral do Modelo 900-D, Documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións de electricidade, Certificado de idoneidade emitido pola empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de augas (VIAQUA)** asinado por Dna. Lidia Otero Golobardas Xefa de Explotación Operaciones Zona Sur na data 31 de xaneiro de 2022.

SEGUNDO.- Proceder á **DEVOLUCIÓN DA FIANZA** con importe de **534,82 €** depositada en relación á licenza de obra nº 19/16 xa que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

TERCEIRO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio*



ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

13.- VAO PERMANENTE – Juan Antonio Pérez González

Visto o escrito presentado por **Juan Antonio Pérez González**, de data 02/02/2022 (Registro de entrada nº 1.803), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en lugar de Xarás, nº 11 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 04/02/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Juan Antonio Pérez González** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (6,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en lugar de Xarás, nº 11 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

14.- VAO PERMANENTE – José Crugeiras Romano

Visto o escrito presentado por María del Pilar Crugeiras Pérez en representación de **José Crugeiras Romano**, de data 26/01/2022 (Registro de entrada nº 1.279), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Valle Inclán, nº 38 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 04/02/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a José Crugeiras Romano** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Valle Inclán, nº 38 (Ribeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*



15.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS - MUSEO

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 07/02/2022, relativa á convocatoria establecida no extracto da resolución nº 2022/4353 do 28 de xaneiro de 2021 (BOP nº19 do 28 de xaneiro de 2022) e da aprobación das bases do programa (BOP nº 14, venres 21 de xaneiro de 2022): “Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2022”, da Deputación Provincial da Coruña

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar a axuda para o financiamento da Sala-museo municipal de Ribeira acolléndose ao programa de “subvencións a concellos e outras entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o exercicio 2022”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

16.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – TÉCNICO DEPORTES

VISTA a proposta presentada polo Xerente de Actividades Deportivas, Miguel Ruiz Rivas, de data 07/02/2022, relativa ás “Bases reguladoras en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para o mantemento ou contratación de persoal técnico nos servizos municipais de deporte en 2022”, publicadas no BOP núm. 14 de data 21/01/2022 e a súa convocatoria publicada no BOP núm. 19 de data 28/01/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- 1.- Acollese ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda por importe de 15.000 euros, co obxecto **“Mantemento do persoal técnico municipal con titulación universitaria” (Modalidade B)**.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización das actividades, e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

17.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES – TÉCNICOS DE TURISMO

VISTA a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio, Ramón Doval Sampedro, de data 07/02/2022, relativa á convocatoria do “Programa de subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a financiación do gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2022”, da Deputación Provincial da Coruña (BOP nº 25, de data 07/02/2022).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- 1.- Acollese ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o financiamento do programa “subvencións dirixidas a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para a contratación de persoal técnico para as oficinas de turismo por un período mínimo de catro meses durante o ano 2022”.
- 2.- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir na data correspondente a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

18.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – EDUCACIÓN

VISTA a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Educación, Juana Brión Santamaría, de data 08/02/2022, relativa á Orde do 31 de decembro de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), (DOG do 04/02/2022, núm. 24).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro. Solicitar unha subvención ao abeiro da antedita orde para para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións (programa B).

Segundo. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

19.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN CULTURAL REAL E ILUSTRE COFRADÍA DA DORNA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 07/02/2022, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, para o financiamento do programa “Acto homenaxe á celebración da Festa da Dorna 2021 e reconstrución da primeira embarcación da entidade A Virxe do Carme”.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/02/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna, para o financiamento do programa “Acto homenaxe á celebración da Festa da Dorna 2021 e reconstrución da primeira embarcación da entidade A Virxe do Carme”.



20.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULTURAL AROUSAMAN (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitida polo Concelleiro Delegado de Deportes, Javier Sampedro Ageitos, e o Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 04/01/2022, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Deportivo Cultural Arousaman de Riveira para a organización da 4ª Travesía Arousaman.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/02/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e a Asociación Deportivo Cultural Arousaman de Riveira para a organización da 4ª Travesía Arousaman, resultando o seu importe: 1.200,00 €.

21.- ACHEGA CONCEDIDA AO CLUB NÁUTICO DEPORTIVO DE RIVEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista o **informe/proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitida polo Xerente de Actividades Deportivas, José Miguel Ruiz Rivas, de data 16/12/2021, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/02/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Riveira e o Club Náutico Deportivo de Riveira para a promoción do deporte, en especial dos deportes náuticos, resultando o seu importe: 2.500,00 €.

22.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 29/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 29/2022 remitida polo Xulgado do Contencioso/Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela, de data 01/02/2022, pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo (Proc. Abreviado 49/2020) presentado por D. Manuel Rosendo Souto Bustelo, contra desestimación por silencio administrativo da



reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos a consecuencia de filtracións.

23.- SOLICITUDE PINTADO PASO DE PEÓNS EN ESTRADA DO FARO (CORRUBEDO) – María José Paz Franco

Visto o escrito presentado por **María José Paz Franco**, de data 29/01/2022 (Rexistro de entrada nº 1495), no que solicita o pintado dun paso de peóns en Estrada do Faro (Corrubedo).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 07/02/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar o pintado dun paso de peóns**, coa instalación das súas correspondentes sinais verticais, en Estrada do Faro (Corrubedo) nas inmediacións do acceso á praia dos Balieros e, así mesmo, que se proceda a substitución da sinalización vertical (R-301) de límite de velocidade máxima 70 km/h pola de **velocidade máxima 30 km/h**, en función ao Real Decreto 970/2020, de 10 de novembro (Art. 50.7), segundo o sinalado no citado informe policial.

24.- PINTADO LIÑA AMARELA NO PORTO DE PALMEIRA

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 07/02/2022, relativo á recomendación de sinalización horizontal con liña amarela no porto de Palmeira, diante dunha das entradas do establecemento Bar Baluarte.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 07/02/2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar o pintado de liña amarela no porto de Palmeira**, diante dunha das entradas do establecemento Bar Baluarte así como a unha vivenda, debido a que o estacionamento de vehículos obstaculiza a utilización normal do paso de saída e entrada a un inmovible, segundo o sinalado no citado informe policial.

25.- SOLICITUDE REPOSICIÓN ESPELLO DE TRÁFICO (Rúa do Porto) –José Francisco Parente Martínez

Visto o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez**, de data 18/01/2022 (Rexistro de entrada nº 846), no que solicita a reposición dun espello de tráfico situado á entrada da Rúa do Porto (Corrubedo).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 31/01/2022, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Autorizar a reposición dun espello de tráfico situado á entrada da Rúa do Porto (Corrubedo) co fin de mellorar a visibilidade dos condutores que acceden desde a Rúa Colexio, segundo o sinalado no citado informe policial



26.- ACHEGA CONCEDIDA A MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido polo Dinamizador da Sala-Museo Municipal, Miguel Ángel Vidal Lojo, de data 02/02/2022, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, co obxecto de acadar os obxectivos de promoción e difusión artístico-cultural do noso municipio.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 07/02/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital, co obxecto de acadar os obxectivos de promoción e difusión artístico-cultural do noso municipio; polo importe de 10.243,58 €.

27.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS - CONSERVATORIO

VISTA a proposta presentada polo **Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira**, Manuel Ruiz Rivas, de data 02/02/2022, relativa á resolución do presidente da Deputación núm. 3472, do 20 de xaneiro de 2022, na que se aprobaron as Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2022 (BOP núm. 14, de 21 de xaneiro de 2022)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1. Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha axuda para o Conservatorio de Música Profesional Enrique Paisal por importe de 20.000 euros, que se destinará a financiar os gastos de funcionamento e de persoal.
2. Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Ribeira e formular a correspondente solicitude de axuda.
3. Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.

28.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONS – TÉCNICO ORIENTACIÓN LABORAL

VISTA a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica**, Ramón Doval Sampedro, de data 04/02/2022, relativa á Orde do 23 de decembro de 2021 *da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación*



de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2022.
(DOG nº 17, do 23/01/2022)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Solicitar á Consellería de *Emprego e Igualdade* unha subvención para a prórroga da contratación da Técnico de Orientación Laboral, Carolina Pampín Perez, durante un período de 12 meses, por importe de 26.000€, para sufragar parte dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social.

29.- APROBACIÓN BASES "RUTA DE TAPAS DO PEQUENO ENTROIDO DE RIBEIRA 2022"

VISTA a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Turismo e Comercio**, Ramón Doval Sampedro, de data 02/02/2022, relativa á aprobación das bases da "Ruta de Tapas do Pequeno Entroido de Ribeira 2022" os días 05 e 06/03/2022, en horario de 12:00 h. a 15:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar as bases para a celebración da "Ruta de Tapas do Pequeno Entroido de Ribeira 2022" os días 05 e 06/03/2022, en horario de 12:00 h. a 15:00 h., segundo o contido da citada proposta.

30.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA – Carlos Andrés Corral Pazos

Visto o escrito presentado por **Carlos Andrés Corral Pazos**, de data 24/03/2021 (Registro de entrada nº 4.281), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 927 do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Carlos Andrés Corral Pazos** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 927 do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

31.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA – Marcos Romero Abuín

Visto o escrito presentado por **Marcos Romero Abuín**, de data 03/05/2021 (Registro de entrada nº 6.915), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 409 do Cemiterio Municipal de Palmeira.



A **Xunta de Goberno Local**, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Marcos Romero Abuín** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 409 do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

32.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA – Joaquín Antonio Pérez Rial

Visto o escrito presentado por **Joaquín Antonio Pérez Rial**, de data 06/05/2021 (Rexistro de entrada nº 7.233), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) en furna do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Joaquín Antonio Pérez Rial** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) en furna do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

33.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PALMEIRA – José Eusebio Paz Rial

Visto o escrito presentado por **José Eusebio Paz Rial**, de data 14/05/2021 (Rexistro de entrada nº 7.753), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 1621 do Cemiterio Municipal de Palmeira.

A **Xunta de Goberno Local**, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **José Eusebio Paz Rial** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 1621 do Cemiterio Municipal de Palmeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

34.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – José Manuel Cores García

Visto o escrito presentado por **José Manuel Cores García**, de data 24/03/2021 (Rexistro de entrada nº 4.266), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 1072 do Cemiterio Municipal de



Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **José Manuel Cores García** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 1072 do Cemiterio Municipal de Ribeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

35.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Concepción Reyes Rivas

Visto o escrito presentado por **Concepción Reyes Rivas**, de data 29/03/2021 (Registro de entrada nº 4.524), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 527 do Cemiterio Municipal de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Concepción Reyes Rivas** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 527 do Cemiterio Municipal de Ribeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

36.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Francisco Santamaría Paz

Visto o escrito presentado por **Francisco Santamaría Paz**, de data 30/03/2021 (Registro de entrada nº 4.652), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 4336 do Cemiterio Municipal de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Francisco Santamaría Paz** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 4336 do Cemiterio Municipal de Ribeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.



37.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Francisco J. García Suárez

Visto o escrito presentado por **Francisco J. García Suárez**, de data 08/04/2021 (Registro de entrada nº 5.233), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 1524 do Cemiterio Municipal de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Francisco J. García Suárez** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) na furna nº 1524 do Cemiterio Municipal de Ribeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

38.- AUTORIZACIÓN PARA OBRAS DE ACONDICIONAMIENTO NO CEMITERIO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Matilde Soria Ruiz

Visto o escrito presentado por **Matilde Soria Ruiz**, de data 31/03/2021 (Registro de entrada nº 4.705), no que solicita autorización para a realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) en panteón nº 23 do Cemiterio Municipal de Ribeira.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) Autorizar a **Matilde Soria Ruiz** á realización de obras de acondicionamento (Colocación de lápida) en panteón nº 23 do Cemiterio Municipal de Ribeira.
- b) Notificar a presente resolución aos interesados, dando traslado do mesmo ao Departamento de Cemiterios para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 09:55 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

